



AVISO

CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE NOGUEIRA (MEIS, PONTEVEDRA)

MODIFICACIÓN DAS BASES DEFINITIVAS POR INCLUSIÓN DOS NÚCLEOS RURAIS Investigación da propiedade

Comunícaselles a todas as persoas interesadas, que a Consellería do Medio Rural resolveu incluír na concentración parcelaria de Nogueira os núcleos rurais das parroquias de San Vicente, Santo Tomé e San Lourenzo, e algunhas parcelas rústicas ata o de agora non incluídas.

A resolución de inclusión co listado dos núcleos rurais e das parcelas rústicas incluídas (Anexo 1), así como os planos de situación das parcelas, os poden consultar na páxina web da Consellería do Medio Rural ou no Centro Multiusos do Concello de Meis na praza de España no Mosteiro (Meis. Pontevedra).

Todas as persoas afectadas deberán localizar as súas parcelas nos planos indicados e comprobar se se representan de maneira correcta: forma, edificacións, muros, peches, pozos, pozas, canles de rego, camiños, serventías, servidumes, paraxes, etc.

Ademais este servizo enviará por correo ás persoas que constaban nos seus arquivos como propietarios a ficha de parcelas. Se a reciben, deberán revisar os seus datos persoais e os das parcelas.

De non recibir a ficha por correo ou se houber modificacións, cambios ou erros deberán facer a Declaración de Propiedade no Centro Multiusos do Mosteiro nos días e horarios que se indican no Calendario de Atención ó Público que se achega con este aviso. **Deberán levar con vostedes a documentación que acredite a titularidade** e/ou dereitos, e identificar nela as parcelas co número de polígono e parcela/subparcela dos planos de situación.

Infórmaselles que, se por calquera circunstancia, a persoa propietaria non puidera facer a Declaración de Propiedade podería facela calquera outra persoa no seu lugar, sempre e cando se identifique e asine a declaración.

A xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias (asinado dixitalmente)

Páxina web da Consellería do Medio Rural:

<https://ovmediorural.xunta.gal/gl/consultas-publicas/concentrations-parcelarias-procesos>



Nota: en Concentracións parcelarias-procesos, pestana Buscador, Publicacións)

Centro Multiusos do Concello de Meis.
Praza de España, 18. O Mosteiro. Meis
(Campo da Feira)

